



## **FIXACIÓN E DEMAIS ELEMENTOS VARIABLES PECULIARES DO PREZO PÚBLICO POR IMPARTIR ENSEÑANZAS NA SECCIÓN FILIAL DO CONSERVATORIO DE MÚSICA**

No Pleno do Concello de Marín en virtude das facultades que lle confiren os artigos 48, 117 e concordantes e a Lei 39/88 e os artigos 4 e 8 da Ordenanza Xeral Reguladora de Prezos Públicos, co obxecto de fixar a estrutura, contía e demais aspectos necesarios para axilizar a xestión e recadación do prezo público por impartir ensinanzas no Conservatorio de Música, o contido do cal especificase neste texto.

### **A C O R D A :**

#### **Primeiro.- OBRIGADO O PAGO**

Están obrigados o pago do prezo público neste acordo os alumnos que se matriculen para dita ensinanza, se teñen capacidade legal, de se-lo caso, os seus pais, tutores ou encargados.

#### **Segundo.- CONTIA**

A estrutura e contía deste prezo público será a seguinte:

Matrícula, por materia . . . . .	6,01 €
Exame, por materia . . . . .	3,00 €
Asistencia a clase, por trimestre . . . . .	9,01 €
Prácticas, con utilización de materiais, por materia . . . . .	3,00 €
Expedición de certificacións de estudos . . . . .	1,80 €

#### **Terceiro.- NORMAS DE XESTION**

As cantidades esixibles conforme a .Tarifa liquidaranse e cobraranse por ingreso directo na Tesourería Municipal.

A matrícula no intre da súa formalización; os dereitos de exame no prazo que se indique no anuncio da súa convocatoria e sempre antes da súa celebración; a asistencia a clases por trimestres anticipados e dentro da primeira quincena do primeiro mes de cada trimestre natural; o prezo dos certificados, ó solicitar estes.

#### **Cuarto.- ENTRADA EN VIGOR**

O presente acordo entrará en vigor o día da súa publicación no B.O.P, e comezará a súa aplicación a partir do día 1 de xaneiro de 1990, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.



**DILIXENCIA:**

Este prezo público foi aprobado por acordo do Concello Pleno en sesión de 31.10.89.

O texto íntegro do acordo de fixación publicouse no B.O.P. nº 301 de 29 de decembro de 1989.

**PREZO PUBLICO POLA ENSINANZA NA AULA DE MÚSICA**

**Curso 1993-94**

MATRICULA, POR MATERIA	15,03 €
ASISTENCIA, POR MATERIA E MES.....	
Materia de piano	9,02 €
Demais materias	6,01 €

Este prezo público foi aprobado pola Comisión de Goberno do Concello en sesión do 16-09-93.



Poño no seu coñecemento que o Sr. Alcalde no día da data ditou a seguinte

### RESOLUCION

Vistos os artigos 6 da Ordenanza Xeral Reguladora dos prezos públicos e 3 do Acordo de fixación de prezo público pola ensinanza no aula de música ( na nova redacción acordada pola Comisión de Goberno con data 31/10/96 ).

Visto que é competencia da alcaldía determina-lo período de pago de dito prezo público nos supostos de formación do correspondente Padrón, veño en **ACORDAR**.

1º.- O período de pago en voluntaria dos recibos relativos o prezo público pola ensinanza na Aula de Música será do 1 ó 25 de cada mes.

2º.- Transcorrido o mesmo producirase o paso dos recibos á Recadación Executiva e suspendera-se automaticamente o día do mes seguinte o dereito de asistencia ás clases do que darán conta ós respectivos mestres.

O que lle traslado para o seu coñecemento e efectos.

MARIN, 4 DE Novembro de 1996  
A SECRETARIA ACDTAL.